

Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación.

A Axenda 2030 das Nacións Unidas para o desenvolvemento sostible establece como un dos seus obxectivos o de garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible o que require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención deste alumnado, considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación coa redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

A crise sanitaria derivada da pandemia ocasionada pola COVID-19 tivo importantes efectos no ámbito educativo que fan necesario buscar solucións a fin de garantir a continuidade da



actividade educativa. Así, a suspensión da docencia presencial fai necesario trasladar esta a unha contorna en liña, aplicando, en todo caso, cantas medidas e garantías resulten necesarias.

As Instrucións do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade relativas ao uso dos servizos educativos dixitais corporativos no marco da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID-19 establece as condicións de uso das ferramentas de docencia virtual, especialmente aquelas que posibiliten a retransmisión das clases a través de Internet nos centros educativos coa finalidade de garantir a continuidade da actividade lectiva no contexto da actual situación sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Na Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional apróbase o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021.

Coa finalidade de posibilitar a mellor atención educativa ao alumnado vulnerable, no caso de que a situación epidemiolóxica requirise pasar a unha ensinanza nun contexto non presencial, é necesario establecer unha organización ordenada de recursos humanos e didácticos, que permita ao sistema educativo galego dispor dunha folla de ruta clara, con procedementos organizados e recursos específicos para garantir a atención educativa a este alumnado en igualdade de condicións.

Tendo en conta que a pretensión desta Consellería de Cultura, Educación e Universidade é a de garantir a atención educativa de calidade ao alumnado vulnerable no marco dun ensino virtual, débese establecer un marco para a participación das familias. No caso de illamentos ou confinamentos individuais, hai que favorecer a participación e contacto diarios co seu grupo de iguais por medios telemáticos. En ambos casos realizaranse todos os axustes razoables necesarios para facilitar esta participación plena e efectiva.



Nesta liña, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera necesario o establecemento dun Plan específico de actuación que garanta a equidade no ensino virtual, determine a organización do ensino, as funcións dos profesionais implicados e a xestión dos recursos necesarios.

De acordo co anteriormente exposto esta Secretaría Xeral,

DISPÓN:

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer un Plan específico de actuación que garanta o ensino e aprendizaxe ao alumnado vulnerable, nun contexto de ensino non presencial.

Segundo. *Ámbito de aplicación*

Será de aplicación nos centros educativos públicos de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Destinatarios*

Alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, de xeito que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Cuarto. *Preparación para o ensino virtual*



Os centros educativos realizarán sesións de práctica e formación coas familias e co alumnado vulnerable, de igual xeito que se realizou o adestramento na utilización das aulas virtuais con carácter xeral. A formación do alumnado favorecerá o emprego de plataformas dixitais (Edixgal, Aula virtual,...) na medida das súas posibilidades e coa perspectiva da máxima normalización.

Quinto. Deseño do Plan individualizado

O desenvolvemento do Plan realizarase de xeito individualizado, atendendo ás necesidades do alumnado vulnerable, cunha temporalización mínima de 14 días. Así, para o deseño do Plan individualizado teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Deseñarase a docencia en liña atendendo a súa temporalidade, consensuando as ferramentas dixitais que se van empregar e a coordinación entre profesionais. Planificarase un horario de atención ao alumnado, adaptando o horario presencial ao non presencial tendo en conta ao profesorado que intervén e a necesaria colaboración das familias.

As conexións faranse de xeito secuenciado establecendo os períodos de descanso necesarios, para que a atención do alumnado se siga mantendo no tempo.

Unha vez adecuada e consensuada a proposta polo equipo docente, comunicarase ao alumnado e as familias de xeito claro. É importante incidir na motivación do estudantado en relación ao que se vai a aprender, as actividades que ten que realizar e a forma en que se vai a avaliar a aprendizaxe.

Se a alumna ou o alumno contaba con sesións de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, profesorado de reforzo ARCO, PROA+, realizarase a atención posible coa colaboración da familia a través destes horarios de atención. Así mesmo cando o alumnado sexa beneficiario de atención médica, fisioterapia ou por parte de persoal auxiliar coidador, estes profesionais seguirán mantendo contacto con este alumnado e coas familias proporcionando pautas para o seu coidado.



b) Identificaranse os recursos necesarios para garantir o ensino virtual que puideran ser necesarios desprazar ao fogar así como o procedemento para levalo a cabo. No caso de non dispoñer do equipamento necesario para o alumnado, realizarase unha solicitude conforme ao procedemento establecido para a Xestión do Equipamento Dixital COVID-19, dispoñible no seguinte enderezo.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/medidas-coronavirus>

c) Adecuaranse as programacións didácticas ou as adaptacións curriculares, de ser o caso, para a consecución das competencias clave en todas as materias. Terase en conta o deseño de tarefas ou proxectos interdisciplinares que inclúan ao maior número de materias posibles dirixidas ao reforzo das áreas instrumentais e das competencias clave.

d) Concretarase a intervención dos intérpretes de lingua de signos incorporándose ao proceso de ensino virtual.

e) No caso de alumnado escolarizado en modalidade de escolarización combinada, o plan individualizado coordinarase desde o centro no que este alumnado estea matriculado e levarase a cabo por parte dos dous centros.

f) Os equipos docentes de cada grupo/aula celebrarán reunións de coordinación atendendo aos seguintes aspectos:

* Establecer pautas para o desenvolvemento de tarefas ou proxectos, axustar tempos de traballo, ofrecer apoios como organizadores, guías ou videotutoriais, etc.

* Compartir información sobre o alumnado e facer unha valoración de logros e necesidades tanto a nivel grupal como a nivel individual, aportando indicadores de seguimento.

* Coordinar os plans de traballo, evitando a sobrecarga de tarefas.

* Favorecer redes naturais de apoio no contorno en liña mediante traballo cooperativo entre iguais (parellas, pequenos grupos).



Sexto. Responsabilidades e funcións dos diferentes profesionais

As responsabilidades e funcións dos diferentes profesionais para que o Plan individualizado sexa efectivo podemos organizalas da seguinte forma:

a) Dirección do centro

- Responsabilizarse, a través da xefatura de estudos, se é o caso, do deseño e coordinación do Plan específico de actuación.
- Adaptará ao horario de atención do alumnado a participación do profesorado que por ter dispoñibilidade horaria realiza tarefas de apoio.

b) Equipos de Orientación Específicos (EOE)

- Coordinación coas xefaturas dos departamentos de orientación no asesoramento á comunidade educativa para deseñar e desenvolver o plan individualizado de ensino virtual do alumnado.
- A colaboración para a avaliación e a intervención seguirase levando de forma telemática ou telefonicamente, recollendo toda a información que sexa necesaria para o desenvolvemento das tarefas.
- Elaboración, se é procedente, de materiais de apoio, guías informativas, entre outras, sobre a forma de desenvolver os procesos de ensino e de aprendizaxe en liña, para o seu traslado aos Departamentos de Orientación das respectivas provincias.

c) Xefatura do Departamento de Orientación

As xefaturas dos departamentos de orientación serán as responsables de coordinar as actuacións do departamento, en particular nos seguintes aspectos:



- Comprobación, xunto co profesorado titor e os equipos docentes, das situacións de especial dificultade do alumnado, asesorando sobre medidas organizativas, metodolóxicas, de reforzo educativo e, no seu caso, realizando o seguimento ou adecuación das adaptacións curriculares.
- Revisión, xunto co profesorado, do desenvolvemento e avaliación dos diferentes plans e programas tales como os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, FP básica, programas de reforzo educativo ou a atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais. Terase en conta o deseño de tarefas multinivel para facilitar a execución por parte de todo o alumnado.
- Asesoramento ao equipo directivo e ao equipo docente no relativo ao benestar emocional da comunidade educativa. Así como apoio emocional das familias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Deberase facilitar mecanismos e ferramentas para mellorar o benestar emocional no posible período de confinamento, illamento ou corentena, transmitindo calma e serenidade, poñendo en orde a importancia das tarefas escolares, a estabilidade emocional e a convivencia na familia.
- Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar ou unha desconexión temporal por mor do confinamento.
- Asesoramento ao equipo docente na elaboración e posta en práctica da avaliación educativa. Teranse en conta os diferentes protocolos educativos de atención á diversidade.
- Adaptación ao horario de atención do alumnado das intervencións do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, de xeito conxunto e coordinado co horario do profesorado, contemplando de xeito explícito como se vai a levar a cabo ese apoio e intervención. Cando o profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe viñera facendo apoio na aula, realizará tamén esta función na clase en liña sempre que sexa posible, con independencia da necesidade de atención individualizada.



- Coordinación do apoio e intervención de profesionais externos en virtude de convenios, de ser o caso.
 - Coordinación da intervención educativa do profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe co alumnado ao que viña prestando apoio.
 - Seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que ten informe psicopedagóxico, tanto co profesorado que o atende como co propio alumnado e coas familias, tratando de asesorar sobre as medidas propostas no informe e sobre os posibles axustes que a situación require.
 - Orientación nos cambios metodolóxicos derivados do confinamento e do ensino virtual. Trátase de que o profesorado poña o acento nos contidos nucleares do currículo, centrándose nos aspectos de carácter máis instrumental, deseñando actividades de metaaprendizaxe, facilitando instrucións moi claras, dando pistas para que o alumnado busque información para realizar as tarefas, proporcionando recursos para que se autocorrixa, facilitando estratexias para a meta-avaliación, etc.
 - Identificación de posibles situacións de estigmatización do alumnado e o persoal que puidese ter estado exposto á COVID-19, de cara a evitar estas situacións.
 - Apoio, de ser o caso, na recuperación do vínculo escolar do alumnado desconectado do sistema.
- d) Especialistas en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe
- Coordinación co profesorado titor e co profesorado especialista na atención educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, para o cal establecerán un horario específico.
 - Apoio directo de xeito telemático, telefónico ou calquera outro medio de comunicación co alumnado ao que estaba prestando apoio.



- Elaboración dun horario de atención ao alumnado que permita o uso dunha ferramenta de videoconferencias común e dividida por grupos e salas, ao mesmo tempo que o profesorado da área ou materia.

e) Profesorado das diferentes áreas ou materias e profesorado titor

- Definición das tarefas e a súa temporalidade facilitando a anticipación das mesmas e tendo en conta a diversidade do alumnado.

- Fomento do contacto diario do alumnado vulnerable co grupo de iguais para facilitar a participación plena e efectiva, e de cara á mellora do seu benestar psicosocial e emocional.

f) O profesorado de reforzo ARCO e PROA+ deberá colaborar para favorecer o acceso ao currículo a través dos medios dixitais, continuando coa súa función de apoio e reforzo e en coordinación coa persoa titora e outros docentes para evitar a sobrecarga de traballo. Contará co correspondente horario de atención garantindo o dereito do alumnado e o da súa familia á desconexión.

g) Outros profesionais

- Os auxiliares coidadores, fisioterapeutas e outros profesionais que, de ser o caso, interveñan co alumnado, participarán na súa atención de forma telemática e elaborando pautas no apoio ás familias, centradas na autonomía persoal e benestar durante o período de confinamento, illamento ou corentena. No caso de atención por parte de fisioterapeutas, enfermería, etc., contará co correspondente horario de atención.

- Cando o alumnado contase co apoio de Intérprete de Lingua de Signos ou outros profesionais de apoio, establecerase, un horario de atención que permita o uso dunha ferramenta de videoconferencias común, ao mesmo tempo que o profesorado da área ou materia.

- No caso de persoal que atende ao alumnado no marco de convenios de colaboración, facilitarase que se manteña esta atención por vía telemática ou mediante medios dixitais.



Sétimo. Seguimento e avaliación

A dirección do centro, no prazo anteriormente indicado, incorporará o Plan de actuación para garantir a atención virtual do alumnado vulnerable ao Plan de Contixencia ante peches de aulas ou centros educativos conforme ao que se indica na Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional de data 2 de novembro de 2020.

O Servizo de Inspección Educativa, co apoio dos Equipos de Orientación Educativa, de ser o caso, realizara o seguimento e supervisión do Plan Específico de Actuación para garantir a atención virtual do alumnado vulnerable dos diferentes centros docentes.

En Santiago de Compostela

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

José Luis Mira Lema

